

El Hematocrítico
MIGUEL LÓPEZ

¡Escúchalos!

Por una crianza
con empatía



Coord. Clara Cordero Balcázar

EDU-Gamers
Recursos videolúdicos
para una sociedad educadora



MULLERES IMPRESCINDIBLES

Educadoras na vanguarda do século xx



ROSA SEIXAS MARIA BARBEITO MARIA DE MAESTU

de Pedagogia



Gemma Lluch

#Lectura Papel Pantalla

Manu Sánchez Montero

En clase sí se juega

Una guía práctica
para utilizar y crear
juegos en el aula



The Open Roberta Lab – Iniciativa y patrocinadores

ROBERTA INITIATIVE

Roberta – Aprendiendo con robots®

La iniciativa Roberta lleva a su próxima generación el mundo digital. Desde 2002, la Iniciativa Roberta ha estado capacitando a nuevos en todas Alemania y más allá. El concepto Roberta también es utilizado cada vez más en la educación y la formación.

Fraunhofer IAS

Das Fraunhofer IAS

Open Roberta es un desarrollo del instituto Fraunhofer de Investigación y Tecnología de la Información (IIT), desde 2014. Open Roberta ha sido adoptado y documentado en servicios de Fraunhofer IAS en Saint Augustin bajo el nombre de protección de datos.

Google.org

Open Roberta es un proyecto de **Google Alemania** y la programación, el desarrollo y el estudio de robots.

Información en Roberta



CHÉVERE
Xosha Rodríguez
trinta e cinco anos de axitación cultural

[illegible]

Cómo enseñar una segunda lengua en el siglo XXI

De la teorización pedagógica a la realidad de la praxis docente

22

Henderse y el derecho
a la Educación:
los ODS en la escuela



Ssszzzzúuuu
(La melodía de las peonzas)

Leontine Holzer
Luis Ramo

Mariana Morales
Juan Fernández

La evaluación **formativa**

Estrategias eficaces
para regular el aprendizaje

**Ser Niños
Acompañados**

CRIANZA Y ESCUELA



Índice

La evaluación formativa	1
Ser niños acompañados	2
#Lectura, Papel, Pantalla	3
Hendere y el derecho a la educación	4
En clase sí se juega	5
Cómo enseñar una segunda lengua en el siglo XXI	6
FORMACIÓN O GLOBO; CIDADANÍA MUNDIAL E AXENDA 2030 ..	7
¡Escúchalos!	8
Open RobertaLab	9
EDU GAMERS	10
Quiero ir al cole	11
Ssszzziúuu	12
1987-2022 Chévere	13
Picasso, un neno pintor na Coruña	14
Mulleres imprescindibles	15

**Mariana Morales
Juan Fernández**

La evaluación formativa

**Estrategias eficaces
para regular el aprendizaje**

Prólogo de **Neus Sanmartí**

biblioteca
INNOVACIÓN
EDUCATIVA



La evaluación formativa

Estrategias eficaces para regular el aprendizaje

Morales, Mariana y Fernández, Juan

Editorial SM, Biblioteca innovación educativa, Madrid, 2022. • ISBN: 978-84-1120-144-5 • 157 pág.

Mariana Morales foi profesora de ESO e Bacharelato durante 15 anos. Actualmente é consultora educativa especializada en avaliación formativa. Acompaña a centros na súa formación e colabora con diversas institucións públicas e privadas.

Juan Fernández é biólogo e docente, e está realizando o seu doutoramento en Psicoloxía Educativa. É autor do libro "Educar en la complejidad" e creador da web www.investigacion-docente.com.

Actualmente, estamos a pór en marcha unha nova lei educativa que insiste na necesidade de levar adiante unha avaliación formativa e auténtica, que mellore o proceso de

ensino aprendizaxe do alumnado e da propia práctica docente.

Podería ser, entón, un momento adecuado para repensar no proceso de avaliación; e este libro pode resultar un interesante apoio para facelo.

A obra invita a reflexionar sobre o sentido e a función da avaliación e a respondermonos preguntas sobre as nosas prácticas en avaliación, cal son os piares teóricos que estamos a manexar, como son as evidencias que recolleemos....

Nos dous primeiros bloques do libro, os autores inciden con profundidade nos principios e fundamentos da avaliación formativa. Neles, expoñen suxestións de como deseñar un

cambio, a nivel de centro, no proceso de avaliación.

O terceiro bloque da obra está centrado en levar á práctica as ideas presentadas nos capítulos anteriores. Resulta de gran interese o amplo repertorio de instrumentos e procedementos de avaliación que achega.

Resulta unha obra sinxela e práctica que pode axudar ao profesorado a planificar unha avaliación formativa na que o alumnado participe e que permita, realmente, o seu crecemento persoal así como aprender máis e mellor.



Ser niños acompañados

Crianza y escuela

Estremera Bayod, Laura

Universo de letras, Sevilla 2018 • ISBN 978-84-17569-74-7 • 258 páxs.

Laura Estremera é mestra de audición e linguaxe, técnico superior en Educación Infantil, psicomotricista especialista en atención temperá e posúe formación en Pedagogía Pikler.


Nesta obra, "Ser niños acompañados", a autora vai reivindicando a importancia que a educación estea centrada no neno, que os "deixemos ser". Elabora unha introdución teórica cunha linguaxe sinxela que permite entender o porqué. Trata os diferentes estilos de crianza e como inflúen no desenvolvemento dos bebés. Todo o libro está ilustrado por ela mesma, en forma de

viñetas que permiten comprender o texto. Achégase aos diferentes ámbitos, centrándose especialmente no motor e no lingüístico, dos cales é experta. Desmitifica algunhas das ideas de crianza máis arraigadas na sociedade actual e que foron transmitíndose de xeración en xeración.

Laura Estremera trata a importancia da autonomía na infancia, a xestión dos conflitos, os castigos, o control de esfínteres, o uso das pantallas e outros temas de interese.

Igualmente, fai referencia a unha escola vivencial e como potenciar este tipo de escolas. Dedicada a última parte do libro ás provocacións na aula e como fomentan a liberdade, a creatividade e a imaxinación das nenas e nenos. Exemplifica todo con imaxes, producindo no lector ou lectora un desexo de seguir investigando e aprendendo sobre este tipo de propostas.

Sen dúbida, trátase dun libro imprescindible para mestras/es, familias e calquera persoa interesada na Educación Infantil.



Gemma Lluch é Catedrática da Universidade de Valencia do departamento de Filoloxía Catalá. Ten unha ampla traxectoria como investigadora en temáticas como a análise da literatura para mozas, a promoción virtual da lectura, o deseño de plans de lectura, as narrativas para adolescentes e o uso das redes sociais como ferramenta para estimular a lectura nos mozos.

A autora fala de como evolucionou a lectura nestes anos e recolle o resultado das investigacións máis recentes neste ámbito. A autora avoga porque os estudos se baseen en datos científicos e non en experiencias persoais.

O libro consta de oito capítulos que abordan diferentes aspectos relacionados coa lectura. A autora expón unha serie de preguntas que ao longo dos diferentes capítulos tenta responder de forma clara e concreta. Todas as cuestións tratan temas de máximo interese no ámbito



educativo: Por que ler?, Que efectos ten a lectura?, Como len os mozos?, Pose ou políticas de lectura?, Que formatos de lectura?, Como inflúe o audiovisual?, Como educamos a lectura?

Comeza o libro trazando un itinerario lector formado por obras crave da literatura universal que nos servirán de guía e orientación para a formación integral do noso alumnado. Continúa resaltando a importancia das bibliotecas e sinalando

#Lectura, Papel, Pantalla Lluch, Gemma

Editorial: Coedco, 2022 • Formato: epub • 88 pág.

os desafíos aos que nos enfrontamos na actualidade. Os cambios que as redes sociais e internet provocaron no eido da lectura son tratados ao longo de toda a obra, concretamente nos capítulos terceiro, quinto e sexto.

Resulta sumamente interesante o capítulo cuarto dedicado á necesidade de establecer plans de lectura nas políticas públicas. A autora reflexiona sobre este aspecto desde o rigor, pero cun certo sentido do humor cando se refire aos intelectuais que se gaban do seu capital cultural. Nestas políticas en ocasións prevalece máis o márketing ou os intereses editoriais, que o impacto real das mesmas na educación e no tecido cultural.

A irrupción das pantallas como soporte de lectura e a influencia que poden ter no desenvolvemento lector, a necesidade de determinar a validez dos contidos que consumimos, as novas narrativas transmedia son outros dos aspectos tratados

no libro.

O sétimo capítulo aborda cuestións fundamentais ao redor da lectura literaria e ao tipo de lecturas que se len nos centros. Gemma dá pautas para que a elección das lecturas teña en conta o tipo de lectores que temos nas aulas, e os cambios tecnolóxicos na sociedade. A autora insiste en que é necesario crear itinerarios lectores que non se esquezan das obras clásica nin obvien os recursos audiovisuais.

O libro formula unha análise esmiuzada sobre o ecosistema actual da lectura, a súa evolución e as múltiples formas e funcións que adquiriu. Estamos ante un libro imprescindible para entender o ecosistema do libro e a lectura na actualidade que ofrece, asemade, pautas moi útiles para docentes e bibliotecarios no seu traballo diario.



Hendere y el derecho a la educación

Los ods en la escuela

A.A.V.V.

AECID : Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación : Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Madrid, 2017 • ISBN 978-84-369-5833-1 • 76 páx.

<https://bibliotecadigital.aecid.es/bibliodig/es/consulta/registro.do?id=7173>

Nesta historia, creada por un grupo da Rede de Docentes para o Desenvolvemento (rede coordinada pola AECID e o MECD), amósanos un camiño que podemos aproveitar os mestres e mestras para presentar ao noso alumnado, ODS (Obxectivos para o desenvolvemento sustentable). Xuntan materiais didácticos para traballar o tema.

Hendere, a nena protagonista da historia, narra as súas experiencias e emocións vividas xunto ao seu pai, mes-

tre en diferentes escolas do mundo. A través da mirada de Hendere somos quen de entender e analizar o ODS 4 : EDUCACIÓN DE CALIDADE.

O novo currículo na LOMLOE defende a integración dos Obxectivos para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía global nas aulas, de aí que poidamos traballar con dinámicas relacionadas cos diferentes ODS, e que o alumnado aprenda dun xeito significativo, vivencial e emocional, buscando que



o que traballen na escola lles sirva para aplicar acotío na súa contorna máis próxima. Deste xeito parece que están a recoñecer a importancia de traballar nas escolas coa finalidade de converter os

nosos alumnos e alumnas en adultos responsables, comprometidos, solidarios, e que non deixen a ningún atrás.

Este libro conta, e fainos reflexionar, a través de diferentes situacións e experiencias, acerca dos diferentes puntos do ODS 4: a educación para toda a vida, a importancia da igualdade de oportunidades, e o importante de, entre todos e todas, facer un mundo mellor.



En clase sí se juega

Una guía para utilizar y crear juegos en el aula

Sánchez Montero, Manuel Luis

Editorial Paidós Educación, Barcelona 2021 • 978-84-493-3847-2 • 488 pág.

Se fose de novo un alumno... Gustaríame ir a clase? Esta pregunta, que o autor recoñece facerse con frecuencia, adéntranos na lectura do libro "En clase sí se juega", e centra a temática que se irá desenvolvendo ao longo das súas páxinas.

Mestre de profesión, Manuel Sánchez Montero constata a pouca motivación coa que a maioría do alumnado entra cada día nas aulas, e atopa nas posibilidades que ofrece o xogo, numerosos recursos e estratexias para afrontar e tratar de modificar esta situación. Tendo en conta que é un elemento de vital importancia para o desenvolvemento de nenos e nenas, considera que o xogo debería

ser aproveitado nas clases polo seu enorme potencial educativo e porque a curiosidade e as ganas de aprender dos mesmos serían maiores de gozaren e divertírense no proceso.

Pero "gamificar" non significa xogar na clase, como algo anecdótico e baleiro de contido, senón aplicar unha metodoloxía que aproveita o poder motivador do xogo e utiliza o seu funcionamento e a súa mecánica para xerar experiencias personalizadas de aprendizaxe, porque "xogar non é só divertido: fainos máis intelixentes, máis fortes, máis rápidos, máis extravertidos e máis activos. Xogar axúdanos a explorar o mundo ao noso redor e a resol-

ver problemas; permite que nos fagamos entender, que probemos novas ideas e que coñezamos aos demais e a nós mesmos porque o xogo é a linguaxe universal da aprendizaxe".

O libro presenta un estudo reflexivo sobre a necesidade de aproveitar as múltiples posibilidades do xogo no ámbito educativo e ofrece aos docentes marcos de implementación e exemplos concretos de aplicación, porque xogar é aprender e para Manuel Sánchez Montero aprender xogando é unha metodoloxía que si funciona.



Manu Sánchez Montero

En clase sí se juega

Una guía práctica
para utilizar y crear
juegos en el aula



Incluye juego descargable
y material para el aula


PAIDÓS Educación

Cómo enseñar una segunda lengua en el siglo XXI

De la teorización pedagógica a la realidad de la praxis docente

Llamas Martínez, Isabel

Octaedro, Barcelona 2022 • ISBN: 978-84-19312-20-4 • 112 pág.



Esta obra preséntanos unha serie de reflexións sobre unha das carencias que máis perduran no sistema educativo español, a aprendizaxe de linguas estranxeiras. A autora, Isabel Llamas Martínez, parte da deficiente competencia lingüística do alumnado español na lingua materna, segundo os últimos informes PISA. Esas carencias na lingua de base fan que a aprendizaxe de novas linguas se vexa tamén lastrada e por iso é polo que no noso país a aprendizaxe de linguas estranxeiras, particularmente o inglés, siga ancorada no fracaso.

A adquisición dunha lingua estranxeira en España foi ao longo de décadas unha das materias pendentes do sistema educativo español, e non por falta de reformas e contrarreformas introducidas por cada goberno no poder ao longo dos últimos 45 ou 50 anos. Ningunha delas pareceu dar coa fórmula para mudar a tendencia.

Un dos temas que se analizan na obra é a situación da educación

en España nos últimos tempos, no seu sentido máis global, para ir pechando o cerco ao redor da situación do ensino de linguas estranxeiras (concretamente o ensino do inglés) nas aulas de primaria e secundaria. Se a aprendizaxe de idiomas xa parte con desvantaxe no noso país por diversas cuestións de índole social, lingüístico, político, etc., o feito de estar enmarcada nun sistema educativo que fai augas por varias fronteiras fai que esta área do currículo se enfrente a pouco menos que a unha tarefa imposible. E iso nun contexto no que aprender unha lingua estranxeira, e particularmente o inglés, non é un luxo, senón unha imperiosa necesidade para a mocidade do noso país que aspira a incorporarse a un mercado laboral globalizado.

Varias son as razóns que se apuntan como posibles causantes deste fracaso recorrente: gobernantes que queren "vender" novas leis de calidade baseadas nunha redución do gasto público, un currículo

sobredimensionado, aulas de "sangre encendido", a burocracia que abafa aos docentes, masificación nas aulas, metodoloxías que non funcionan, falta de aproveitamento das (escasas) ferramentas TIC nas aulas, ausencia dunha formación específica sobre a aprendizaxe de idiomas, carga horaria insuficiente na educación básica para afrontar a aprendizaxe dun idioma, etc. Cando o lector se mergulle nesta obra poderá atopar unha análise máis esmiuzada sobre estas consideracións que o inspirarán e o axudarán tamén a reflexionar sobre estas cuestións.

Finalmente, a obra achega algunhas ferramentas didácticas e suxestións para levar á aula, coa intención de romper co que a autora denomina "facilismo de hábitos, costumes e recordos" que aínda imperan no docente de lingua inglesa.



Formación O Globo; Cidadanía Mundial e Axenda 2030

<http://globo.solidaridadgalicia.org/>

(Consulta realizada 16/01/2023)

A ONG Solidariedade Internacional de Galicia ten en marcha a iniciativa O Globo, unha ferramenta pedagóxica que visibiliza e fomenta a participación social e que ten o fin derradeiro de formar nos coñecementos, habilidades e valores necesarios para exercer a cidadanía mundial e o desenvolvemento sostible.

O Globo xira en torno a "microexperiencias de transformación social". Trátase de iniciativas sociais que contan con 4 características esenciais: transformadoras, colectivas, horizontais e replicables; e que se organizan metodoloxicamente segundo a tríade: luces (investigar), cámara (analizar criticamente) e acción (actuar), que pretenden contribuir á consecución da Axenda 2030 (obxectivos de Desenvolvemento Sostible), a través das diferentes temáticas que abordan.

O GLOBO realiza un encontro anual

onde os centros de ensino, as ONG e outros colectivos e entidades, intercambiamos aprendizaxes, reflexionamos e construímos cidadanía global. Neste enlace podes ver o IV Encontro, celebrado o pasado mes de xuño (V Encontro).

<http://globo.solidaridadgalicia.org/caderno/25/celebramos-o-iv-encontro-de-o-globo>

Dende o pasado curso escolar, para traballar baixo esta metodoloxía cos centros educativos a través do profesorado, puxemos en marcha unha formación (homologada pola Consellería de Educación). Esta metodoloxía pode ser utilizada nas aulas como estratexia didáctica, e por iso gustaríanos dala a coñecer, contextualizándoa no enfoque da Educación para a Cidadanía Global.

No marco deste proxecto, realizaremos unha formación ao profesorado.

Nesta ligazón podes ver a información:

<http://globo.solidaridadgalicia.org/caderno/26/presentamos-unha-nova-edicion-de-formacion-dirixida-ao-profesorado>

A idea é que vós, profes, asistades á formación para facer despois unha micro-experiencia co voso alumnado, por suposto acompañadas por Solidariedade Internacional de Galicia, axudándovos en todo o que preciseades. A formación é Homologable pola Consellería de Educación.

Neste enlace podes ver Microexperiencias de outros anos, para que poidades inspiraros:

<http://globo.solidaridadgalicia.org/sonda>



The screenshot shows the website's layout. At the top is a navigation bar with links like 'HOME', 'QUE SON O GLOBO', 'QUE RECURSOS', 'COLABORA', 'NOTAS', 'EVENTOS', and 'CONTACTO'. Below this is a large banner image with the text 'Que Somos!' and 'Saber máis'. The main content area is titled 'Últimas Novas.' and features three news items: 'ASÍ FOI A VISITA DE MUJERES CREANDO A GALICIA', 'REFLEXIÓN E APUNTAMENTO SOBRE AS VIII XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL', and 'SEMENTEANDO SEGURIDADE'. Below these are four colored boxes representing different themes: 'Cooperación', 'Educación', 'Movilización e traballo en rede', and 'Comercio Xusto'. The footer section is titled 'Sementeiras de solidariedade.' and includes a small logo and text about the organization's mission.



¡Escúchalos!

Por una crianza con empatía

López, Miguel. El Hematocrítico

Editorial Paidós, Barcelona, 2022 • ISBN: 978-84-493-3953-0 • 160 pág.

Miguel López, máis coñecido como El Hematocrítico, exerceu a docencia durante vinte anos como mestre de educación infantil e primaria nun centro educativo da cidade de A Coruña. Neste tempo compaxinou a ensinanza coa escritura de libros de literatura moi exitosos, con propostas para a aula tan útiles como *Cuadernito* de escritura creativa, co traballo de guionista en Los Felices Veinte e coa coordinación e autoría de diferentes proxectos de humor en Internet.

O autor comenta no prólogo que este libro é unha chamada á empatía. Un manifesto en favor dunha educación que escoite, que observe e que aprenda, e que se centre no neno no momento actual e non no seu futuro. Ao longo de todo o libro se nos reclama, como educadores, que escoitemos os cativos, que nos poñamos no seu lugar, e lles dediquemos atención personalizada.

Nestas páxinas cuestiónase a falta de tempo libre da rapazada, o papel dos avós na educación dos fillos, o

exceso na celebración dalgunhas efemérides, os grupos de whatsapp de nai e pais (axenda humana ou axenda ?????????????? cualificados no libro) etc. Tamén se refire con argumentos bastante válidos aos arcaísmos do sistema escolar actual exemplificados no controvertido asunto dos deberes, as etiquetas tan prexudiciais que emanan dos boletíns de notas e a concepción aínda presente nalgúns patios de recreo como espazos dedicados case exclusivamente ao fútbol. Creo que o capítulo titulado "Are you listen?", no que se alerta dos perigos do desembarco da moda do bilingüismo nos centros educativos merece unha lectura atenta e analítica.

Este ensaio basea a súa mirada sobre os riscos que supón unha educación entregada no adultocéntrica, na que pensamos no neno como un futuro adulto. Isto implica que intentemos exhibir continuamente os logros dos nosos fillos e que a escola e a familia sexa, en moitas ocasións, unha fábrica de estereotipos na que se etiqueta continuamente e dende

moi pronto aos cativos.

Comparto esa visión do autor de que as bibliotecas son lugares de descubrimento que contribuírán a despertar a curiosidade do noso alumnado. Un lugar repleto de libros é un fogar de lectores. Entender a aula e a educación como unha familia e como un espazo no que se trate ao alumnado como persoas e se lles respecte, é unha das ideas máis cativadoras do libro.

Miguel López aborda neste estimulante texto algúns dos asuntos claves na educación actual. Trata aspectos que todos coñecemos pero no que non meditamos con fondura. ¡Escúchalos! é un libro que invita á reflexión e ao debate. E que nos invita a pensar nun ensino que forme dende os primeiros anos de escolarización a "peques" que sexan empáticos, sensíbles e boas persoas. Creo que en educación non existe mellor reto que este.



Open Roberta surge dentro da iniciativa alemá "Roberta: aprender con robots", iniciado por Fraunhofer IAIS, co obxectivo de simplificar a aprendizaxe e a ensinanza de programación, concretamente a través da súa plataforma Open RobertaLab.

Esta plataforma de programación gráfica online e gratuíta está dispoñible en 14 idiomas. Unha das súas características é a linguaxe de programación NEPO, inspirado en Scratch, e que -empregando a biblioteca Blockly-, o fai tremendamente intuitivo dando a posibilidade dunha aprendizaxe autónoma e continua. Outra das súas características é a posibilidade de comprobar os resultados

do programado en tempo real no simulador da mesma plataforma.

Ata este punto, poderíamos pensar que é unha opción máis de programación, salvo pola posibilidade de utilizala sen necesidade de instalación, dende calquera dispositivo cun navegador estándar, minimizando os posibles problemas técnicos, e que é compatible con nada máis e nada menos que 17 sistemas de robots (Nepo4Arduino, MBot, Lego Mindstorms EV3, micro:bit...), e sistemas de hardware como Arduino, BBC micro:bit ou Callio-pimini.

A versatilidade desta plataforma e a facilidade do seu manexo, así como


os numerosos recursos de aprendizaxe para o alumnado, e de ensinanza para o profesorado, conseguiron que esta plataforma fose unha das máis empregadas durante

as etapas de confinamento vividas ao longo de Europa, mostra da súa funcionalidade como ferramenta de aprendizaxe autónoma.



Open RobertaLab
<https://lab.open-roberta.org/>


(Consulta realizada 4/01/2023)



Coord. Clara Cordero Balcázar

EDU-Gamers

Recursos videolúdicos
para una sociedad educadora



HÉROES DE PAPEL
STUDIES

EDU-Gamers

Recursos videolúdicos para una sociedad educadora

Cordero Balcázar, Clara (coord.)

Editorial Héroes de papel. Sevilla, 2021 • ISBN 978-84-120311-9-5 • 210 páx.

Tanto a gamificación como o uso serio (educativo) dos xogos están cada vez máis consolidados entre as metodoloxías innovadoras exitosas, pola súa capacidade motivadora e a súa vinculación con vivencias persoais. Neste marco, os videoxogos preséntanse como estratexias educativas de primeira orde, achegando recursos desenvolvidos nun contexto que o alumnado percibe como familiar e atractivo.

EDU GAMERS estruturárase en tres apartados: no primeiro, analízase o impacto do videoxogo na sociedade actual, a partir da súa presenza na familia e, por extensión, en toda a comunidade educativa. A segunda parte do texto céntrase nas posibi-

lidades que ofrecen os videoxogos na aula, desde as perspectivas da formación do profesorado e da aplicación didáctica, revisando propostas que xa podemos considerar clásicas, como Minecraft. Por último, o terceiro apartado dedícase a presentar tres experiencias didácticas, apoiadas na súa aplicación na aula, e nas que o enfoque contextualizado, colaborativo e interactivo garante unha aprendizaxe competencial.

En conclusión, o videoxogo é un elemento cotián nas nosas vidas, que evolucionou dende o seu papel orixinal como instrumento de ocio, e converteuse nun recurso pedagóxico e didáctico, con enormes posibilidades para desenvolver propostas

competenciais totalmente conectadas co contexto do alumnado, e que nos permiten ofrecer experiencias educativas motivadoras e moi atractivas. A lectura deste texto convidanos a adentrarnos no mundo dos videoxogos, a apreciar as súas vantaxes educativas e, mesmo, a iniciármolos no deseño segundo os principios do xogo serio. Por suposto, trátase dunha aproximación á materia, na que non se pretende afondar nos aspectos técnicos que son necesarios para implementar videoxogos como recursos educativos.



Quiero ir al cole

Herramientas y recursos para motivar al alumnado

Lestón Vieites, Alba

Editorial SarAlejandría, Castellón, 2022 • ISBN 978-84-19104-50-2 • 133 páx.

"Na actualidade, os nenos/as están sobre-estimulados e cada vez é máis complexo motivalos na aula", afirma Alba Vieites, autora de "Quiero ir al cole: herramientas y recursos para motivar al alumnado". Un libro práctico e visual dirixido a familias e docentes que presenta multitude de propostas prácticas, recursos TIC, metodoloxías e materiais descargables, que se poden aplicar tanto na aula como no fogar. En tódolos capítulos hai numerosos códigos QR que enlazan a multitude de vídeos, webs, aplicacións e recursos descargables e listos para imprimir. Asemade, todos estas ideas, métodos e recursos, están pensados para aplicar tanto na aula como na casa.

O libro consta de seis capítulos. Nos dous primeiros, ademais de facer un repaso da súa traxectoria vital e dos motivos que a levaron a escribir este libro, presenta ideas e actividades para recibir as familias e o alumnado o primeiro día de clase; e tamén pon de relevo a importancia da motivación, xa que segundo di a propia autora, *"Es más imprescindible la motiva-*

ción del docente que la del alumno, ya que el docente es un generador de emociones y dinámicas".

No terceiro capítulo, *"Cómo motivar desde el aula"* amósanos numerosas tarefas e recursos cos que motivar ou *"enganchar"* o alumnado, facendo que alumnos e alumnas teñan interese por vir ao colexio, investigar, descubrir cousas novas, sempre tendo en conta que o protagonista é o alumnado. Para iso, móstranos situacións e explica como usar gonoodle, bingoFit, habládometro, entre outros moitos recursos e técnicas.

Continúa co capítulo *"metodologías innovadoras"* no que expón diversas situacións nas que usar metodoloxías que, ben aplicadas, dan moi bos resultados na aula, incrementando o interese e motivación do alumnado. Metodoloxías, modelos e propostas educativas como: aprendizaxe-servizo, DUA, ABJ, estacións de aprendizaxe, gamificación, etc.



Non podía faltar un capítulo dedicado ás novas tecnoloxías, o capítulo 5, *"recursos TIC para motivar al alumnado"*. Nel, amósanse ideas e recursos para que o alumnado acade a competencia dixital, facendo un uso creativo, crítico e seguro das TIC, e ao mesmo tempo que lle permita ser o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. Numerosas apps de realidade aumentada, como jigsawspace, chromvillescience ou ciberchase 3D, ideas para usar o chroma, apps para traballar as matemáticas como mathland ou moravec, apps para traballar a lectura e a escritura, ou apps para traballar con alumnado neae, son só algúns dos

recursos que podes encontrar neste capítulo.

E para rematar, o capítulo 6, *"recursos para motivar al alumnado"*, no que a autora comparte ideas e recursos, tanto da súa propia autoría como recollidos durante a súa experiencia como mestra, que permiten traballar as áreas de lingua, matemáticas, ciencias, historia, valores. *"Tablero oca, ¿cómo te expresas?", "panel de dados", "flipbook los determinantes", "stop", "dictado por relevos", "detectives científicos", "relevos matemáticos",* son algúns dos máis destacados.

Como xa dixemos anteriormente, o libro inclúe códigos QR onde poder descargar tódolos materiais elaborados pola autora, ademais da ligazón ao seu instagram, *"El aula de Alba"*, onde, dende a súa propia experiencia soluciona dúbidas a opositores e amosa o seu día a día na aula.





Ssszzziúuu

La melodía de las peonzas

Ibáñez Vilas, Lestonnac e Ramas Ramírez, Luis M.

Arenas Libros, A Coruña, 2022 • ISBN: 978-84-126326-2-0 • 131 pág.

Ssszzziúuu é un libro pouco convencional. En primeiro lugar, polo tema a tratar: as buxainas. En segundo lugar, polo xeito de abordalo: a través de fotografías e dunhas sinxelas frases. A orixinalidade aparece, desde o principio, no título: "Ssszzziúuu" (onomatopea do zunido que emite a buxaina ao desenrodarse da "piola", xustiño antes de se poñer a bailar).

Este libro xorde da paixón pola buxaina de dous espíritos buldeiros. O de Luis Ramas, mestre coleccionista de buxainas, e investigador das súas posibilidades para o xogo (sobre todo no ámbito educativo). E o de Les, fotógrafo capaz de atrapar a luz e o movemento nun instante irrepitible.

Ssszzziúuu non é un exercicio de romántica nostalgia arredor dun xogo, e un xoguete milenario. Os autores quixeron achegar unha nova visión sobre el, e facer que o contempláramos como un obxecto artístico, e como tal, capaz de crear

en nós distintas sensacións e sentimentos. Estas fotografías son auténticos poemas visuais, que nos falan de amor, da amizade, dos soños, da risada infantil, do abraio do cotián, do destino, da imaxinación, e do xogo.

É pois un libro idóneo para tratar en distintos niveis educativos; temas como a lectura de imaxes, a creatividade visual e literaria, a imaxinación, a fantasía, e ata algunhas cuestións científicas (os distintos movementos dos corpos que xiran...).

E se con isto non abundase, de certo que despois de lelo, agromará en nós o desexo de acariñar unha buxaina entre as nosas mans, e acordar coa definición que, deste xoguete, realizou o gran Xabier P. DoCampo: "A buxaina é o movemento que lanza a imaxinación á conquista do universo".



1987-2022 Chévere

trinta e cinco anos de axitación cultural

A.A.V.V.

Editorial Kalandraka, Pontevedra, 2022 • ISBN: 978-84-1343-179-6 • 297páx.

Chévere é unha compañía galega de axitación teatral que leva máis de tres décadas presentando propostas escénicas orixinais e irreverentes cun fondo compromiso social e cultural. A editorial Kalandraka, conmemorando os trinta e cinco anos dende a fundación deste grupo teatral edita un libro no que se pode seguir a traxectoria de Chévere en todo este tempo. Ao longo das súas páxinas podemos coñecer o núcleo artístico que impulsou este proxecto e o percorrido que seguiron durante este período que os levou por innumerables lugares da nosa xeografía galega, española e noutros moitos países.

No libro podemos atopar moitos dos espectáculos que realizou Chévere e comprobar a diversidade de estilos e formatos das súas creacións. Tamén se pode apreciar os espazos tan insólitos nos que a compañía traballou (escaparates, barcos, carpas de circo, pavillóns polideportivos, prazas, etc.) O lugar emblemático deste grupo foi a Sala Nasa, un espazo creado en 1992 situado na cidade de Santiago de Compostela, no que se desenvolveron moitos dos proxectos do grupo ata o seu peche a finais de 2011. Esta sala foi todo un referente para innumerables propostas escénicas e un lugar polo que pasaron grupos do máis innovador da escenografía da época.

Nos últimos capítulos vemos como Chévere, preocupado pola aparición de novos marcos na creación artística, diversificou as súas propostas participando en proxecto audiovisuais e mesmo en creacións en internet como Amores Prohibidos 2.0. Esta compañía conseguiu converter o seu teatro nunha ferramenta de divulgación e sensibilización que se achegou a moitos sectores da sociedade.

Utilizando o humor como filosofía os seus textos recolleron as preocupacións do presente sempre cunha linguaxe comprensible para todo tipo de espectadores. Chévere é un dos proxectos máis sólidos da cultura galega e este libro é unha merecida homenaxe a este grupo, e un magnífico instrumento para achegarse a unha compañía que transformou os escenarios nun espazo no que o espectador podía identificarse con aquelas inxenuidades do seu día a día. A espléndida edición realizada por Kalandraka é un motivo máis para que todo aquel que estea interesado na creación artística o incorpore a súa propia biblioteca. A nosa historia cultural, social e política atópase tamén nestas páxinas.



Picasso, un neno pintor na Coruña

Fonte: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/repositorio/cont/picasso-un-neno-pintor-na-coruna>

Consulta realizada: 16/1/2023

O 8 de abril de 2023 cumprense 50 anos do falecemento de Pablo Picasso, evento que marcará a celebración da súa obra e a súa herdanza artística por todo o mundo. Ao longo de todo este ano celebraranse exposicións, congresos, música e moitas outras actividades para conmemorar, e achegarse a este grandísimo artista e a súa obra.

Pablo Ruiz Picasso viviu na Coruña dos 9 aos 13 anos, unha época da que datan as súas primeiras pinturas e exposicións. Na cidade de A Coruña celebraranse máis de 30 actividades arredor da figura de Picasso. Un dos actos principais será a exposición **"Picassoblanco en el recuerdo azul"**, no Museo de Belas Artes organizada pola Xunta de Galicia, e que se poderá visitar de marzo a xuño. Esta exposición estará comisariada por Antón Castro, Malén Gual Rubén Ventureira coa coordinación xeral de Ángeles Penas, directora do Museo de Belas Artes de A Coruña.

Ao redor desta mostra estanse articulando un intenso programa de actividades paralelas como encontros, conferencias e charlas abertas ao público, que contarán coa presenza de especialistas internacionais na obra de Picasso. Profundarase nalgúns aspectos pouco coñecidos da súa traxectoria profesional e tamén sobre a súa etapa en Galicia. Ademais, poñeranse en marcha actividades musicais e educativas, dirixidas tanto aos escolares como ao público en xeral que incluírán visitas guiadas e obradoiros de pintura.

De interese para o profesorado, que pretenda traballar nas súas aulas algún aspecto da vida e obra "picassiana" é a unidade didáctica que se atopa no repositorio de contidos de Abalar da Xunta de Galicia, Consellería de Educación. Nesta unidade didáctica elaborada por Elena Pardo Antequera, actual directora da Escola de Arte Superior de Deseño Pablo Picasso (EASD Pablo Picasso) e especialista na

etapa inicial do artista, os docentes poderán atopar información, recursos e actividades para traballar a obra do pintor.

A unidade didáctica está dividida en seis apartados: Pablo e familia, A cidade, Os amigos, A arte, A morte e A gloria, que nos permiten percorrer momentos significativos da vida do artista. Os textos de cada unha das seccións aportan información suplementaria a través das numerosas ligazóns da unidade, o que nos permite achegármolos a espazos, obras e figuras destacadas da época coas que o pintor tivo algunha relación. Cada sección ofrece actividades para traballar na aula os temas abordados. Esta unidade didáctica é un excelente recurso didáctico para afondar na vida e obra dun artista, que deu os seus primeiros pasos como creador na nosa cidade de A Coruña.



MULLERES IMPRESCINDIBLES

Educadoras na vangarda do século XX



Mulleres imprescindibles

Educadoras na vangarda do século XX

VV. AA. (tradución de Isabel Soto)

Kalandraka Editora. Colección Biblioteca de Pedagogía. Pontevedra, 2022 • ISBN: 978-84-1343-139-0 • 224 páx.

Unha nova achega da Biblioteca de Pedagogía da editorial Kalandraka dirixida polo catedrático de Teoría e Historia da Educación Antón Costa Rico, que recupera para a nosa lingua os grandes clásicos do mundo da pedagogía.

Nesta entrega, nove autoras e autores, de recoñecido prestixio no mundo da investigación, rescatan e poñen en valor o legado de nove mulleres comprometidas coa formación do profesorado, o ensino público e a defensa da cultura e a lingua. Unha monografía que tece unha rede co traballo de Rosa Sensat, María Barbeito, María de Maeztu, María Luisa Navarro, María Sánchez Arbós, Justa

Freire, Elbira Zipitria, Marta Mata e Carme Miquel. Así o sinalan no Limiar Antón Costa e Manuela Rodríguez "Mulleres cunha preocupación educadora e imbuídas de optimismo pedagóxico, que manifestan intelectual e emocionalmente un profundo compromiso coa educación e cos valores que conducen ao progreso da humanidade."

As diferentes contribucións fían a vida destas mulleres que loitaron pola conquista da educación superior para a muller, que traballaron pola defensa e renovación da escola pública dando especial importancia á necesidade da formación do profesorado, ao coidado da relación


entre a mestra e a escola. Escola que consideraban como un organismo vivo en continuo proceso de transformación, un lugar que debía saír fóra do recinto físico e abrirse á sociedade para contribuír á súa mellora. Unidas, tamén, na defensa da lingua de seu e a difusión cultural.

Fico, como traballadora das bibliotecas escolares, con esta breve reseña do texto de Nuria Simó sobre Marta Mata: "A importancia da lingua na escola, o papel fundamental da lectura e do libro infantil, e a defensa das bibliotecas escolares foron eixes fundamentais."





Este é
o inicio do camiño,
necesitamos
a túa **participación**



- Consulta as novidades na nosa biblioteca
- Participa nas nosas sesións de lectura
- Envia as túas opinións sobre novidades editoriais educativas

<http://www.edu.xunta.gal/porta/cfracoruna>

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna@edu.xunta.gal



cfracoruna



@cfracoruna



cfracoruna